



CIRCULAR 19/2018

LIGA GALEGA DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D

3º Encontro

Segundo o acordado pola Comisión de percorrido de bosque da FTGA, e aprobado na Asemblea xeral, a partir da publicación desta convocatoria ábrese o prazo de inscrición para participar na segunda xornada da Liga Galega de percorrido de bosque 3D para o ano 2018.

1.- DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Sábado, 28 de xullo de 2018.

Localización : Sanatorio de Cesuras, (parque forestal).

Coordenadas GPS: N 43° 10'44" - W 8° 11'28"

Google Maps: <https://goo.gl/maps/cBRMTWZb3PG2>

Os que veñades pola autovía Lugo-Madrid, tedes que coller a saída 565 hacia Oza dos Ríos, que está a unhas 5 quilómetros. No centro de Oza, xusto antes de pasar por baixo da ponte da vía do tren, tedes que seguir de fronte unhas 4 quilómetros. Estará indicado.

Club organizador: Arco da Vella.

2.- ÁMBITO:

Galego

3.- HORARIO DA COMPETICIÓN*:

15:45 h Recepción de arqueiros, quentamento, revisión de material e pago da inscrición

16:15h Formación das patrullas

16:30 h Saída ao circuíto

16:45 h Comezo da competición

19:15 h Fin da competición

20:00 h Entrega de trofeos

20:30 h Pinchada

* Os horarios de fin da competición son orientativos, podendo sufrir variacións en función do número de participantes.

O Club Arco da Vella donara 5€ por cada participante adulto para as familias mais desfavorecidas do Concello de Oza-Cesuras

CIRCULAR 19/2018

LIGA GALEGA DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D

3º Encontro

4.- NORMAS DA COMPETICIÓN:

Normativa WA (Libro 4)
Normativa 11 da FGTA

5.- PARTICIPANTES:

Todos os atletas que posúan licenza federativa en vigor, solicitada a través da FGTA. Admitiranse inscritos doutras Federacións con licenza en vigor no caso de quedar postos vacantes.

6.- CLASES E DIVISIÓNS:

As clases que poden participar son:

- Homes e Mulleres Sénior.
- Cadetes home e muller.
- Menores de 14 anos (con visor e sen visor).

Os atletas Cadetes serán os nados en 2003, 2002 e 2001.

Os atletas menores de 14 anos (excepto os de arco con visor) tirarán desde a piqueta branca.

Os atletas menores de 14 anos que tiren con arco con visor e todos os cadetes tirarán desde a piqueta azul.

As divisións que poden participar son:

- Arco LongBow (ALO)
- Arco Instintivo (ARI)
- Arco Espido (ADE)
- Arco Composto (ACO)

7.- UNIFORMIDADE:

Calzado e roupa deportiva. Prohíbense equipos de camuflaxe e paramilitares. Normativa WA

CIRCULAR 19/2018
LIGA GALEGA DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D
3º Encontro

8.- INSCRICIÓNS E IMPORTE DA INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse enviando a folla de inscrición que acompaña esta convocatoria, tanto se é individual como conxunta (cuberta no ordenador e mantendo o formato .doc do formulario), **ao correo electrónico:**

comisiondebosquegallega@gmail.com

Xunto coa folla de inscrición, tanto os atletas que realicen a inscrición individual como os clubs deportivos que realicen a inscrición conxunta **deberán enviar tamén o xustificante de pago** que fixeron na conta bancaria do club organizador, solicitando confirmación de recepción no correo electrónico.

A data límite para a recepción de inscricións e xustificantes de pago será o 21 de Xullo, ás 23:59 h.

Se a folla de inscrición non ven acompañada do xustificante de pago dos atletas, estes non teranse en conta para a tirada.

Se a inscrición faise individualmente deberá facerse unha transferencia bancaria o ingreso de 20 € por atleta participante, ou 10 € se é un atleta menor de 14 anos, indicando no **Concepto: Nome e apelidos. III Tirada Liga Galega 3D** ao seguinte número de conta cuxo **titular é o club Arco da Vella:**

ES22 2080 0085 8130 4001 5688 (Abanca)

Se a inscrición conxunta faina un club deportivo participante deberá facer unha transferencia bancaria ou ingreso á anterior conta bancaria indicando no **Concepto: Nome do Club. II Tirada Liga Galega 3D** pola cantidade total resultante de multiplicar 20 €, se é un adulto maior de 14 anos, polo número de atletas adultos inscritos; mais pola cantidade total resultante de multiplicar 10 €, se é un atleta menor de 14 anos, polo número de atletas menores de 14 anos inscritos.

Posteriormente, e sempre antes de comezar a tirada, o club organizador fará unha transferencia bancaria á FGTA pola cantidade total resultante de multiplicar 5 €, correspondentes ás taxas, polo número total de inscritos á tirada.



CIRCULAR 19/2018
LIGA GALEGA DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D
3º Encontro

9.- VARIOS

MOI IMPORTANTE

ESTÁ TERMINANTEMENTE PROHIBIDO FUMAR NO CAMPO DE TIRO, EXCEPTO NAS ZONAS PREVISTAS PARA ELO. PROHIBESE TIRAR COLILLAS NO CAMPO E TIRAR PAPEIS OU ENVOLTORIOS. RESPETEMOS O MEDIO AMBIENTE. GRACIAS POLA SÚA COLABORACIÓN.

¡¡ATENCIÓN!!

Si algún dos arqueiros tivese algún tipo de INTOLERANCIA ALIMENTARIA, rogamos se poña en contacto con nós para telo presente á hora de encargar os bocadillos.

Contacto do club Arco da Vella:

José Luis Ayerbe Rial

clubarcodavella@gmail.com



Francisco Vilar Nogueas
Secretario Xeral